

Do *ALGa* a BADARE. Refráns do calendario e meteorolóxicos, xeoparemioloxía galega e romance¹

JOSÉ ENRIQUE GARGALLO GIL
Universitat de Barcelona

Resumo:

Este artigo pretende amosar o valor dos datos diatópicos na paremioloxía a partir dunha mostra selecta de refráns do calendario e meteorolóxicos publicados no volume IV do *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*) e introducidos en BADARE (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), <<http://stel.ub.edu/badare/>>. «Xeoparemioloxía» é un concepto ideado en Italia, no Centro Interuniversitario di Geoparemiologia (Universidade de Florencia) que dirixe Temistocle Franceschi, <<http://www.cig.unifi.it/en/geoparoe.htm>>. Este investigador é membro do proxecto BADARE, e con tal neoloxismo designa o estudo da variación diatópica dos proverbios, tal como se leva a cabo no *Atlante Paremiologico Italiano*. A colleita xeoparemiolóxica do *ALGa* en BADARE pode servir de guía para futuras investigacións sobre variación diatópica noutros espazos romances, así mesmo, a partir de atlas lingüísticos, como o do catalán (volume IV do *Atles Lingüístic del Domini Català, ALDC*); ou tamén para prospeccións dialectais como a do occitano do Val de Arán e da Gascuña limítrofe (traballo en curso) e a do mirandés (en preparación).»

Palabras clave: Refráns meteorolóxicos, calendario, galego, Romanía

Abstract:

The aim of this article is to show the value of diatopic data in the study of proverbs on the basis of a select number of calendar and weather proverbs published in volume IV of *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*) and entered into BADARE (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), <<http://stel.ub.edu/badare/>>. «geoparemiology» (the geolinguistic study of proverbs) is an idea that originated in Italy in the Centro Interuniversitario di Geoparemiologia (University of Florence) directed by Temistocle Franceschi, <<http://www.cig.unifi.it/en/geoparoe.htm>>. As a researcher and member of the BADARE project, he created this neologism in order to refer to the diatopic study of proverbs, as has been the practice in *Atlante Paremiologico Italiano*. The collection of proverbs

¹ Este artigo insíbese no proxecto FFI2008-02998/FILO, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Agradezo a Francisco Fernández Rei, Sabela Labraña e Germán Conde a revisión do texto e as súas valiosas suxestións.

from various regions in BADARE that were taken from *ALGa* will serve as a guide for future research on diatopic variation in Romance-speaking areas, or for research based on linguistic atlases, like the one produced for Catalan (volume IV of the *Atles Lingüístic del Domini Català, ALDC*), or for dialect research like that being conducted into the Occitan spoken in the Valley of Aran and in neighbouring Gascony (work in progress), or Mirandese (in preparation).

Key words: Weather proverbs, calendar, Galician, Romance-speaking areas

Na liña investigadora da comunicación presentada ó VII Congreso Internacional de Estudos Galegos, «Refráns do calendario. O galego no seu contexto romance» (Gargallo, 2007), esta nova proposta pretende amosar o valor dos datos diatópicos na paremioloxía a partir dos refráns do calendario e meteorolóxicos publicados no volume IV do *ALGa* (*Atlas Lingüístico Galego*) e introducidos en BADARE (*Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania*), <<http://stel.ub.edu/badare/>>.

«Xeoparemioloxía» é un concepto ideado en Italia, no Centro Interuniversitario di Geoparemiologia (Universidade de Florencia) que dirixe Temistocle Franceschi, <<http://www.cig.unifi.it/en/geoparoe.htm>>. Este investigador é membro do proxecto BADARE, e con tal neoloxismo designa o estudo da variación diatópica dos proverbios, tal como se leva a cabo no *Atlante Paremiologico Italiano* (Franceschi *et alii*, 2000). A colleita xeoparemiolóxica do *ALGa* en BADARE pode servir de guía para futuras investigacións sobre variación diatópica noutros espazos romances, tamén a partir de atlas lingüísticos.

1. OS REFRÁNS DO VOLUME IV DO *ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)*

1.1. Refráns dos meses

O IV volume, consagrado ó léxico relativo ó tempo atmosférico e cronolóxico, contén un apéndice (o terceiro, na parte final) co título de «refráns dos meses» (pp. 461-474). En total son 883 testemuños de refráns do calendario, numerados correlativamente, que conteñen sobre todo referencias a meses, pero tamén a festividades ou días do calendario, como a Candeloria (2 de febreiro: números 204 ó 209), Santa Lucía (13 de decembro: números 872 ó 874) e San Tomé Apóstolo (21 de decembro: número 877). Os refráns aparecen por orde cronolóxico-temática e a mostra ofrece múltiples variantes de tipo fonético, morfosintáctico e léxico en relación a paremiotipos básicos: *Xaneiro xeabreiro* (25) e *Xaneiro xiabreiro* (26); *Marzo pellarzo* (304) e *Marzo é pelarso* (305); *En maio queima a vella o tallo* (463) e *En maio aínda a vella arde o tallo* (467). Cada rexistro vai acompañado do correspondente punto de enquisa do atlas, información relevante tanto para a xeolingüística como para a xeoparemioloxía.

1.2. Índice dos ditos e refráns das notas

A continuación deste apéndice, os «Índices do volume» (pp. 477-531) inclúen un de ditos e refráns das notas (pp. 519-522), no que unha lista ordenada alfabeticamente relaciona varios

centos de refráns, con entradas distintas tamén para leves variantes, como: (1) *aire solán, auga na man*; (2) *aire solano, auga na mano*; (3) *aire solano, auga na man*; (4) *aire solano, auga na mao*; e con remisión sistemática ós mapas e ás notas correspondentes. Nesta listaxe, para atopar a información sobre os respectivos puntos de enquisa, o lector deberá acudir ás notas indicadas dos mapas respectivos, por exemplo: na páxina 169, no mapa 62a (*Aire/vento do leste*) e nas notas 23, 9 e 15, especificanse os puntos P.9 (Santa Lucía de Moraña) —para o refrán aquí indicado como (1)—, C.35 (O Outeiro) —para o (2)—, L.18 (Viladonga) e P.5 (Moalde) —para o (4). E na páxina 159, no mapa 57a (*Aire/vento do sur*), a nota 16 localiza o refrán (3) en L.35 (O Outeiro). As iniciais das referencias ós puntos corresponden ás provincias².

2. A BASE DE DATOS *BADARE*

O proxecto *BADARE* (HUM2005-01330/FILO, FFI2008-02998/FILO) agrupa un equipo de once investigadores que se reparten a vella Romanía por linguas ou ámbitos maiores (iberorrománico, galorrománico, italoorrománico). Encárgase do galego, Pilar Río Corbacho, da Universidade de Santiago de Compostela. Tanto ela coma o resto dos membros elaboran fichas que, unha vez revisadas polo investigador principal (eu mesmo) e consensuadas entre este e os colaboradores, pasan a ser «publicadas» e, polo tanto, de dominio público, ou sexa, dispoñibles na *web* de *BADARE*. Como dato salientable, destaco que no mes de decembro de 2009 a base permite a consulta de 9246 fichas de refráns e que, da trintena de linguas e variedades da base, o galego está representado con 822 fichas³.

Sobre as características xerais de *BADARE* (Torres Gargallo & Franco, 2008) cómpre sinalar que os nomes das categorías e subcategorías dos tres grandes ámbitos temáticos da base (*vid. infra*: Cronoloxía, Meteoroloxía, Ámbito temático xeral) aparecen en castelán e en inglés. A lingua vehicular de *BADARE* é o castelán, polo que os refráns doutras linguas (coa excepción de variedades próximas como o asturiano e o aragonés) se traducen literalmente a aquela. A información organízase en fichas que conteñen: *a*) o texto do refrán; *b*) a lingua ou variedade de referencia; *c*) a tradución literal, se é o caso; *d*) cita literal de pasaxes aclaratorias; *e*) comentarios adicionais dos membros do equipo, nos que teñen cabida as posibles variantes próximas do refrán que encabeza a ficha e as localizacións que proporciona a fonte, así como referencias a aspectos da máis diversa índole (arcaísmos, dialectalismos, o ditado da rima, remisións internas a outras fichas, etc.).

Cada ficha inclúe, ademais, asignacións vinculadas a tres ámbitos temáticos, e cada un contén unha serie de categorías principais, que á súa vez albergan outras subcategorías:

² As catro de Galicia: provincia da Coruña = C; de Lugo = L; de Ourense = O; de Pontevedra = P. Por outra parte, para o «galego estremeiro»: Principado de Asturias = A; provincia de León = Le; provincia de Zamora = Z.

³ Sobre a contribución galega a *BADARE*, *vid. Río* (no prelo).

(1) Cronoloxía (segundo datas e períodos, fixos e movibles): *año, cuarenta días, día, días de la semana, días del mes, doce días para doce meses, estación, fecha fija, fecha movable, hora, hoy, mañana, mes, otros, partes de la jornada, período movable, semana*. Por exemplo, no caso da *Peregrina* [a Virxe Peregrina] (cf. 4.1) accedemos á subcategoría correspondente a partir da categoría de *fecha movable*. Baixo *Peregrina* [*la Virgen* —], figura a glosa seguinte: «Nombre de una advocación mariana con el que se conoce a la Virgen que va en peregrinación a la tumba del Apóstol Santiago. En Pontevedra se celebra el segundo domingo de agosto».

(2) Meteoroloxía: *arco iris, borrasca, buen tiempo, calor, cambio de tiempo, cielo, escarcha, frío, fuego de San Telmo, granizo, hielo / helada, humedad, lluvia, mal tiempo, montañas con «capa», «toca» o similares, niebla, nieve, nombres de vientos [en cursiva + somera descripción], nubes, predicción, rayo / relámpago, rocío, sol, sombra, templado [ni calor ni frío], tiempo estable, tiempo seco, tiempo variable, tormenta / tempestad / temporal, trueno(s) / tronada / tronar, viento [y designaciones afines de tipo más bien genérico]*. Así, para *nombres de vientos* (categoría) > *bragués, braguês* [*viento que sopla de Braga*] (subcategoría).

(3) Ámbito temático xeral: *animales (menos los de pastoreo), animales de pastoreo / ganado / labores pecuarias, augurio, consejos de abrigo, dialogismos sobre «los días prestados» por un mes al precedente, elementos de la vida cotidiana, estrellas, facecias / bromas / perogrulladas, faenas agrícolas, luna, mar, mundo vegetal (indicios y aspectos varios), otros dialogismos, personificación y afines, prefiguración del tiempo (cronológico, meteorológico), puntos cardinales, territorio, topónimos* [en cursiva]. Exemplo disto último: *Oseira e Monforte*, nomes de lugar que participan no refrán seguinte: *Roxo para Oseira, vellas á raxeira; roxo para Monforte, vellas tras do pote* (cf. 4.2).

Destes tres ámbitos temáticos soamente son obrigatorias as asignacións de carácter meteorolóxico. Todas as categorías e subcategorías resultan combinables entre si, e tamén a referencia bibliográfica que remata a ficha, na que, á parte dos datos editoriais, se ofrece a posibilidade de consignar detalles valiosos como número de páxina (e de nota), número (e letra) de refrán, *sub voce* (nas entradas de dicionarios), volume e número de mapa (nas informacións procedentes de atlas lingüísticos).

En suma, pódense realizar catro tipos de busca, por separado ou combinadas:

- (1) textuais, que permiten rastrexar palabras ou fragmentos delas nos recadros de «texto», «tradución literal», «glosa» (cita literal) e «comentario» (nesta última pódense atopar as localizacións das diversas obras; e, no caso dos atlas lingüísticos, os puntos de enquisa);
- (2) conceptuais: por ámbitos temáticos, categorías e subcategorías;
- (3) por linguas (unha, varias ou todas as da base);
- (4) por fontes: así, o *ALGa* ou Ferro (1987).

3. DO *ALGA* A *BADARE*. SELECCIÓN E COMENTARIO DUNHA MOSTRA SELECTA

A lista cronolóxico-temática de *Refráns dos meses* (2.1) non remite as paremias a mapas concretos. Faino, en cambio, a relación alfabética do *Índice de ditos e refráns das notas* (2.2). Loxicamente, só podo consignar datos sobre mapas cando as paremias proceden desta segunda lista; pero ofrezco, de maneira sistemática, as localizacións, dato inherente ó concepto de xeolingüística e de xeoparemioloxía. A relación de 2.1 rexistra os refráns coa inicial maiúscula; en cambio, a relación alfabética de 2.2 transcríbeseos coa inicial minúscula (tamén nas notas correspondentes). En *BADARE* permitímonos a licenza de poñer, tamén nos refráns desta segunda fonte, as letras iniciais en maiúscula; e o mesmo farei eu neste artigo.

3.1. Aspectos fonéticos como a gheada e o seseo

A transcripción do *ALGA* reflicte fenómenos como a gheada, xeral, daquela, nos falares do galego occidental e en boa parte do galego central, e o seseo, característico das falas máis occidentais (Fernández Rei, 1990: 163-215).

— *A chuvia en Santiagho trae o millo ó aghro* (páx. 470, núm. 635). Punto C.33 (lugar e parroquia de Beba, concello de Mazaricos). *Santiago* refírese aquí, posiblemente, a todo o mes de xullo.

— *Despois da Peregrina, inverno ensima* (páx. 471, núm. 693). Punto P.12 (lugar de Fefiñáns, parroquia e concello de Cambados). Figura como variante (no recadro de «comentario») destoutro rexistro do *Refraneiro galego* de Ferro (1987: 67), que non localiza o refrán: *Despois da Peregrina o inverno véense encima / vén o inverno axiña*.

— *Marso marsán, pola mañán cara de risa e á noite cara de can* (páx. 466, núm. 302). Punto C.33 (lugar e parroquia de Beba, concello de Mazaricos). Nótese a forma dialectal *noite* (pola normativa *noite*). E compárese con este refrán parónimo: *Marzo, marzán, a mañá cara de rosa, a tarde cara de can*; recollido no Bierzo por Rodríguez (1990: 63); en galego normativo, a contracción de *a* (preposición) + *a* (artigo) responde á grafía de *á*. Pola súa parte, Vázquez Saco (2003: 108; núm. 2565) ofrece unha variante que transcribimos en *BADARE* na ficha de *Día de marzo, entra rindo e sai chorando*; na que a fonte indica: «Variante del conocidísimo: *Marzo marzán, pola mañán cariña de rosas e pola tarde cara de can*».

— *En aghosto arder, en setembro beber* (páx. 471, núm. 668). Punto O.7 (O Pereiro de Aguiar, parroquia de Prexigueiró, concello do Pereiro de Aguiar). Entendemos aquí «beber» como indicativo de auga de chuvia.

— *O polvo de maio e a lama de aghosto, mal negocio*⁴ (páx. 469, núm. 524). Punto P.6 (lugar e parroquia de Dimo, concello de Catoira).

⁴ Así, *negocio* [e non *neghosio*, a forma máis lóxica nesta fala], no caderno de enquisa orixinal, segundo a comunicación persoal do amigo Francisco Fernández Rei, quen realizou a enquisa. Talvez se trate dunha forma idioléctica ou circunstancial do informante.

3.2. Variación léxica e derivativa: as designacións da *roibén* e as referencias ó contorno

Tomo os refráns dos mapas homónimos (*Roibén*) 41a, 41b e 41c. O *DRAG* (*Diccionario da Real Academia Galega*) remite de *roibén* para a variante *rubién*, que define con dúas acepcións: (1) «Luz radiante en tons vermellos que tinxe as nubes no horizonte ó abri-lo día ou ó atardecer, cando lles dá o sol»; (2) «Nubes de cor vermella ou encarnada que hai ó abri-lo día ou ó atardecer cando as ilumina o sol». Os indicios baseados na cor do ceo e as nubes nas primeiras e nas últimas horas de luz diúrna constitúen un motivo paremiolóxico que se remonta á Biblia (Mieder, 1996: 61). Hoxe está moi ben representado no espazo románico (véxase en *BADARE: Meteorología > cielo > arreboles*), e ademais é coñecido noutras linguas, como a inglesa: *Red sky at night, sailor's [shepherd's] delight; red sky in the morning, sailors take warning* (Mieder, 1996: 62). Nas paremias seguintes temos diversos derivados do latín RŪBEU (*roibéns, rubéns, rubianas, rubieiras*), e tamén o tipo léxico *roxo*, herdeiro de RŪSSEU (outro representante latino da mesma familia léxica indoeuropea):

— *Roibéns ó monte, bois á corte; roibéns ó mar, vellas a raxar; roibéns á ribeira, vellas á pateira*. No mapa 41a (páx.115, nota 21) e na páx. 521 do índice final. Punto P.9 (Santa Lucía de Moraña, parroquia de Saiáns, concello de Moraña). *Raxar* é rachar ou cortar [leña]; *pateira* é o lugar da cociña onde durmían as galiñas, ou onde se gardaba a cinza. As *roibéns* relaciónanse a miúdo con referentes do contorno: aquí, as que se observan contra o monte, cara ó mar e á ribeira. De xeito similar, os dous refráns seguintes relacionan indicios de bo ou mal tempo coas *roibéns* observadas nos referentes do mar e da bisbarra do Ribeiro; do mar e da terra.

— *Rubéns ó mar, vella no sollar; rubéns ó Ribeiro, vella no lareiro*. No mapa 41a (páx. 115, nota 25) e na páx. 521 do índice final. Punto P.20 (A Graña, parroquia homónima, concello do Covelo).

— *Roibeza ó mar, mariñeiros a pescar; roibeza á terra, mariñeiro á merda* (*ibidem*, nota 4). Punto C.8 (A Queira, parroquia de Cervás, concello de Ares). Outra referencia habitual son os puntos cardinais (como nas dúas paremias que seguen).

— *Rubianas ó poniente, agua o aire* (*ibidem*, nota 39). Punto Le.4 (Carracedo de[I] Monasterio), no galego da provincia de León. En galego normativo, *poñente* e *ou*. Cf. o moi coñecido refrán catalán *Cel rogent, pluja o vent* (Gargallo, no prelo).

— *Rubieiras ó nacente, sol ó poniente* (*ibidem*, nota 13). Punto O.8 (Larouco, parroquia e concello homónimos); en galego normativo, *nacente* e *poñente*. No mesmo lugar (bibliográfico e xeográfico) rexístrase outra paremia con *rubieiras* matutinas: *Rubieiras pola mañá, pola tarde a capa mollada*.

— *Roxo para Oseira, vellas á raxeira; roxo para Monforte, vellas tras do pote*. No mapa 41b, na páx. 117 (nota 10) e na páx. 521 do índice final. Punto L.36 (A Barrela, parroquia de Lousada, concello de Carballedo). O *pote* ponse a cocer na lareira para quentar: indicio, pois, de frío. Dende o devandito punto de enquisa as referencias son aqueles dous topónimos do contorno correspondente.

3.3. Máis referencias ó contorno: ventos e lugares

— *Aire de Carnota, nin bo viño nin boa bota*. No mapa 59 (*Aire/vento do noroeste*), páx. 165 (nota 7), e na páx. 519 do índice final. Punto C.46 (Vigo, parroquia e concello de Dodro).

— *Aire de Meira, caldeiro á goteira*. Así, no mapa 62b (*Aire/vento do leste*), punto L.14 (A Feira do Monte, parroquia de Sistallo, concello de Cospeito). Con leves variantes no mapa 85 (*Pingueira, goteira*), punto L.19 (Negueira, parroquia de Negueira, concello de Negueira de Muñiz); e no mapa 59 (*Aire/vento do noroeste*), no mesmo punto L.19: *Aire de Meira, ponlle o caldeiro á goteira; Aire de Meira, caldeiro na goteira* (respectivamente). Compárense todos eles con: *Si está roibo polo lado de Meira, pon os caldeiros á goteira* (Zamora, 1972: 228); coa forma *roibo* (< RŪBEU) para expresar a roibén (cf. 4.2).

— *Aire de Villalba non quere auga nin xente*. No mapa 59 (*Aire/vento do noroeste*); punto L.14 (A Feira do Monte, parroquia de Sistallo, concello de Cospeito). O mesmo mapa rexistra unha variante (*Aire de Villalba, nin auga nin xente*) en L.19 (Negueira, parroquia de Negueira, concello de Negueira de Muñiz). Páxinas 165 (notas 11 e 12) e 519 (do índice final).

— *Cando o noroeste non recalca ó Son, mañán hai vendaval anque me digas que non*. No mapa 59 (*Aire/vento do noroeste*), na páx. 165 (nota 6) e na 520 do índice final. Punto C.43 (Louro, parroquia de Louro, concello de Muros). En galego normativo, *mañá*; a variante *mañán* é característica do galego occidental (Fernández Rei, 1990: 59-64).

— *Cando o vento é de Carnota, mete leña e cerra a porta*. No mapa 63b (*Aire/vento do oeste*), na páx. 175 (nota 4) e na 520 do índice final. Punto C.38 (A Serra de Outes, parroquia e concello de Outes).

— *Se vén o aire de Herbón, aire e torbón*. No mapa 58 (*Aire/vento do nordeste*), na páx. 163 (nota 17) e na 522 do índice final. Punto L.27 (Ouselle, parroquia homónima, concello de Becerreá).

— *Vento bragués, chuvia todo o mes*. No mapa 57b (*Aire/vento do sur*), na páx. 161 (nota 12) e na 522 do índice final. Punto P.31 (O Arrabal, parroquia e concello de Oia). Trátase dunha paremia raiana que sintoniza coa portuguesa *Vento bragués, [l]⁵ Chuvia com um mes* (Carrusca, 1976, III: 256). Aínda que esta fonte non achega localización, por lóxica, o refrán debe de ser propio desta zona periférica do noroeste de Portugal, na raia con Galicia. De volta ó refrán galego, coñece unha variante ampliada: *Andrés, o vento é bragués, tu ben o ves, nin te quito nin te mando, pero pelo camiño vai andando* (ALGA, *ibidem*; no mesmo punto P.31); acompañado dunha glosa: «[...] referido á xente que emigraba a Sevilla forzada por un ano de mala colleita»; e dunha indicación adicional na ficha de BADARE: «La forma normativa del pronombre personal es *ti*»⁶.

⁵ A barra inclinada entre corchetes indica un salto de liña no orixinal.

⁶ No suroeste de Pontevedra, no treito final do Miño, dise *tu*, por arcaísmo, como no galego centro-oriental, fronte á forma occidental (e estándar) *ti*. Comunicación que agradezo a Francisco Fernández Rei.

— *Vento do norte e agua da ría, carallada para todo o día*. Nos mapas 56 (*Aire/vento do norte*) e 69a (*Orballo, chuvisca*), nas páxinas 157 (nota 21), 197 (nota 11) e 522 (no índice final). Punto P.12 (Fefiñáns, parroquia e concello de Cambados). En galego normativo, *auga*. Refírese á ría da Arousa.

3.4. Paremiotipos concretos e representación territorial. Un exemplo

— *Febreiro moliceiro* (páx. 465, núm. 186). Así, no punto O.3 (lugar e parroquia da Veiga de Cascallá, concello de Rubiá); coa indicación de «húmido» para *moliceiro* (segundo o informante: nota 24). Trátase dun punto galego no límite coa provincia de León. Precisamente do outro lado da raia administrativa, no punto LE.4 (Carracedo de[I] Monasterio), recóllese a variante *Febreiro muliceiro*, coa indicación de «suave» para a variante do mesmo adxectivo por parte do informante (nota 25).

3.5. Festividades de ámbito local: a Virxe da Barca

— *Barca enxoiata, san Miguel mollado* (páx. 472, núm. 727). Punto C.38 (A Serra de Outes, parroquia e concello de Outes). A Virxe da Barca, patroa de Muxía, é unha festa movable: celébrase o segundo domingo de setembro. San Miguel, festa de ámbito xeral e ben coñecida no ámbito románico, que se conmemora o 29 de setembro.

3.6. Posibilidade de rastrexar as localizacións dos refráns

Como xa dixen no punto 3, BADARE ofrece a posibilidade de rastrexar, mediante unha busca textual, as localizacións proporcionadas polas fontes dos refráns; por exemplo, se no recadro de *Comentario* escribimos «Fefiñáns», o nome do punto de enquisa P.12 (lugar de Fefiñáns, parroquia e concello de Cambados), obtemos como resultado as seguintes fichas de refráns:

— *Borrasca polo mar, vellas a asollar; gaivotas á terra, mariñeiros á merda*. Mapa 48b (*Castelos, nubes de trono*). Glosa: «[...] *borrasca*, termo que se usa de vello cando un día claro aparecen nubes negras con pingueiras e rompe a chover» (páx. 141, nota 6).

— *Despois da Peregrina o inverno véñse encima / vén o inverno axiña* (Ferro, 1987: 67): refrán principal sen localización. Como variante, transcrita no recadro de *Comentario* e localizada en Fefiñáns (*ALGa*, P.12; páx. 471, refrán núm. 693): *Despois da Peregrina, inverno ensima* (vid. 4.1).

— *Estando encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar; estando encarnado ó monte, colle os bois e méteos na corte*. Mapa 41b (*Roibén*), na páx. 117 (nota 8) e na 521 (do índice final); punto de enquisa C.48 (Cabo de Cruz, parroquia de Castro, concello de Boiro). O mesmo mapa rexistra unha variante no punto P.12 (Fefiñáns, Cambados): *Encarnado polo mar, colle os bois e vaite labrar; encarnado polo monte, colle os bois e ponos na corte*; na páx. 117 (nota 12) e na 521 (do índice final).

— *Nordeste oscuro, vendaval seguro*. Mapa 58 (*Aire/vento do nordeste*), na páx. 163 (nota 18) e na 521 (do índice final).

— *Vento do norte e agua da ría, carallada para todo o día*. Mapa 56 (*Aire/vento do norte*), P.12 (Fefiñáns, Cambados). Tamén no mapa 69a (*Orballo, chuvisca*), no mesmo punto de enquisa (*vid.* 4.3).

4. XEOPAREMIOLOXÍA ROMÁNICA: REFRÁNS DO CALENDARIO E METEOROLÓXICOS NOS ATLAS LINGÜÍSTICOS, PROSPECCIÓNS DIALECTAIS

Nas próximas etapas do proxecto *BADARE* temos a intención de baleirar os refráns do calendario e meteorolóxicos rexistrados por atlas lingüísticos da Romanía correspondentes a espazos similares ó galego; como o volume consagrado polo *ALDC* (Veny & Pons, 2006) ó tempo cronolóxico e meteorolóxico no dominio catalán⁷.

Así mesmo, no marco da xeoparemioloxía románica, traballamos en diversas prospeccións dialectais, como a do occitano do Val de Arán e da Gascaña limítrofe (Gargallo & Carrera, en prensa), ou a do mirandés (aínda en preparación): dúas áreas fronteirizas de grande interese para a variación diatópica e o contacto de linguas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALDC* = J. Veny & L. Pons i Grieria (2006). *Atles Lingüístic del Domini Català*; vol. III. 4. *La família: cicle de la vida*; 5. *Món espiritual: l'Església. Festes religioses. Creences*; 6. *Jocs*; 7. *Temps cronològic. Meteorologia*; 8. *Topografia*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.
- ALGa* = C. García & A. Santamarina (dirs.) (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Carrusca, M. de Sousa (coord.) (1976). *Vozes da sabedoria*. Lisboa: Edición da coordinadora [3 vols.], vol. III.
- DRAG* = Real Academia Galega (1997). *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, F. (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferro Ruibal, X. (1987). *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia.
- Franceschi, T., C. Cervini; M. Guarino Amato; M. Mazo & L. Melis (2000). *Atlante Paremiologico Italiano. Questionario. Ventimila detti proverbiali raccolti in ogni regione d'Italia*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.

⁷ Sobre a riqueza paremiolóxica deste volume véxase o que escribo na miña recensión: Gargallo (2008: 417).

- Gargallo Gil, J. E. (2007). «Refráns do calendario. O galego no seu contexto romance». In H. González & M. X. Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península ibérica. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 2007, 791-801.
- (2008). Reseña de J. Veny & L. Pons i Griera (2006). *Atles Lingüístic del Domini Català*; vol. III. [vid. ALDC], *Estudis Romànics* XXX, 415-418.
- (no prelo). «*Cel rogent, pluja o vent*. Refranys meteorològics en català i dins la Romània». Relatorio presentado no *XIVè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes*, 4-10 setembro 2006, Budapest.
- Gargallo Gil, J. E. & A. Carrera Baiget (no prelo). «Sobre els *arrepervèris*. Aproximació als refranys meteorològics del gascò pirinenc oriental: paral·lelismes, interferències i contrastos en el trifini de català, gascò i llenguadocià a partir del món de les parèmies». Relatorio presentado no *XV Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes*, Universitat de Lleida, 7-11 setembro 2009, Lleida.
- Gargallo Gil, J. E., A. Torres Torres & V. Franco Anchelegues (2008). «Líneas metodológicas de BADARE (Base de datos sobre refranes del calendario y meteorológicos en la Romania)». In I. Olza Moreno; M. Casado Velarde & R. González Ruiz (eds.), *Actas del XXXVII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Pamplona: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Navarra, 207-215. Tamén dispoñible en liña: <<http://www.unav.es/linguis/simposiosel/actas/>>.
- Mieder, W. (1996). «Los refranes meteorológicos», *Paremia* 5, 59-65.
- Río, P. (no prelo). «Contribución galega a BADARE». In J. E. Gargallo Gil, coa colaboración de M. R. Bastardas Rufat, J. Fontana i Tous e A. Torres Torres (eds.), *Actas del Primer Seminario Internacional sobre Paremiología Románica. Los refranes meteorológicos* (Universitat de Barcelona, 25 e 26 de maio de 2009). Barcelona: Edicións de la Universitat de Barcelona.
- Rodríguez y Rodríguez, M. (1990). «Refranes Galaico-Bercianos», *Estudios Bercianos* 13, 56-63.
- Vázquez Saco, F. (2003). *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral, Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria & Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Zamora Mosquera, F. (1972). *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.